

AS POSIBILIDADES DA FORMACIÓN EN VOZ CANTADA NA RESOLUCIÓN DE CONFLITOS E NA MEDIACIÓN ESCOLAR

Lucía Casal de la Fuente

Universidade de Santiago de Compostela

luciadafonte@gmail.com

RESUMO: O canto colectivo, por ser unha expresión artística na que se traballa en grupo, implica en certa forma un xeito de compartir e de negociar. Sostense a afirmación de que a través do canto pódese traballar a prevención en resolución de conflitos, e incluso a mediación, no espazo escolar. Ofrecense pautas sobre como traballar transversalmente a mediación e a resolución de conflitos no ámbito escolar a través da arte en xeral e do canto en grupo en particular, aludindo a experiencias que o proban. Introdúcese o concepto de cantoterapia e explícanse as súas características máis xerais para centrarse nas particulares da cantoterapia activa, é dicir, na cal se fai música (cántase), e en definitiva, na que se crea, a cal ocupa a maior importancia na presente comunicación. Para crear algo en grupo necesitamos tomar decisións, algo básico para a resolución de conflitos e a mediación e por iso crese que o canto colectivo podería axudar neste aspecto.

Introdución

Nos tempos que corren xa non dubidamos do enorme potencial educativo da mediación escolar para contribuír ao pleno desenvolvemento dos/as nenos/as e mozos/as. Son moitas as razóns que apoian esta afirmación, mais destácase ante todo a comprensión que dende a mediación escolar se fai das relacións humanas, que non é outra que dende unha perspectiva de igualdade. Tal é o valor desta óptica de paridade, que propicia e deriva nunha forma de entender o mundo, “nunha verdadeira forma de cultura” (Viana-Orta, 2013: 32). Como moitos/as autores/as xa sinalaron (Redorta, 2007; Soares, 2008; García-Raga, Martínez-Usarralde, & Sahuquillo, 2012), a mediación pode, polo tanto, ser un motor de cambio social.

O canto resulta unha forma dinámica e creativa de compromiso. Inflúe nas seis capacidades que as persoas posuímos para aprender: física, emocional, cognitiva, intuitiva/metafórica, espiritual e relacional; é por isto que Joyce (1996) considéroua unha ferramenta de aprendizaxe. Sabemos ademais que o canto conecta as funcións do hemisferio dereito e esquerdo do cerebro e propicia o pensamento lateral, o cal resulta básico na resolución creativa de problemas.

A música e o canto posúen un compoñente socio-afectivo de identidade e xénero, sentimento de grupo, exhibición, diversión, relacións, evasión, sobre todo de forma

acentuada nos/as nenos/as e mozos/as. Campbell (1998) sostén que os/as nenos/as son musicais por natureza e a voz constitúe un dos alicerces básicos da educación musical, posto que posúe múltiples posibilidades educativas e expresivas. Deste xeito, o/a neno/a goza cantando porque esta acción leva implícito o xogo. Trátase dunha actividade social que permite reafirmarse e reencontrarse a si mesmo/a ao escoitarse e incluso ao mostrarse aos/ás demais cando lle escoitan. Turton e Durrant (1992: 47), sosteñen que o canto axuda a aumentar a confianza nun/ha mesmo/a á vez que intervén na construción de identidade dentro do grupo. Dito con outras verbas, o canto é un instrumento a través do cal se poden adquirir diferentes habilidades, pois leva implícito expresar o significado do texto que o acompaña (Camara, 2003).

Por estas e moitas outras razóns, recoñecidos/as autores/as e pedagogos/as insistiron e plasmaron nos seus escritos os beneficios e a importancia do canto na escola, como por exemplo, Szonyi (1976); Orff (1954); Paynter (1972); Schafer (1970), etc.

A cantoterapia e o canto en grupo

Os gabinetes ou consultas de terapia tradicional están máis habituados a recibir persoas que, ante un problema, buscan un apoio profesional para poder afrontalo, mais a cantoterapia pódese tamén entender e traballar dende a prevención, como defende a cantoterapeuta italiana Mirella de Fonzo, afirmando que “a educación vocal podería combater eficazmente a desviación social, a dispersión escolar e tamén previr o malestar xuvenil” (De Fonzo, 2012: 17). Atreveríame a definir a cantoterapia como a formación en voz cantada para a mellora da calidade da vida das persoas.

Entre os usuarios da terapia cantora que figuran no libro de De Fonzo (2012) destácanse as persoas con dificultade de comunicación e socialización ou con escasa expresividade. O traballo da voz cantada incluso pode axudar ás persoas que desexan sentirse máis seguras de si mesmas para ser mellores comunicadores/as nas relacións persoais e profesionais. O canto aumenta a autoestima (Dos Santos & Da Silva, 2009) e reduce a tensión (*stress*), os sentimentos depresivos e a ansia. Diminúe o medo, a vergoña ou o sentido de culpabilidade.

As orixes do estudo dos beneficios do canto en grupo ou coro remóntanse a aproximadamente o século XIX. Zoltán Kodály deixounos a práctica didáctica do seu

“método coral”. Defendía que antes de crear instrumentistas era fundamental crear coristas e reiterou o uso repetitivo e prolongado no tempo da sonoridade vocal para desenvolver o proceso natural de adaptación e comunicación. Múltiples son as experiencias que se levaron a cabo en toda esta franxa de tempo ata a actualidade, que proban o potencial do canto na axuda ao benestar das persoas, tanto a nivel grupal como a nivel individual (Casal, 2012a; De Fonzo, 2012 e 2010; Da Silva & Silva, 2010; Dos Santos & Da Silva, 2009; Camara, 2003; Joyce, 1996, etc.).

A relación entre a mediación e a práctica coral

Como xa se explicou ao inicio desta comunicación, a mediación parte dunha perspectiva de igualdade, perspectiva que se comparte dende o traballo en grupo da voz. Nun coro cada persoa ten a súa función e o seu momento de intervención. Ao traballar por cordas (barítonos, mezzosopranos, etc.), cada individuo dentro do seu subgrupo, caracterizado pola singularidade da súa voz, ten unha responsabilidade tripla: co director/a, coa súa corda e co gran grupo. E dentro da súa corda, sen dúbida ningunha está a un mesmo nivel de igualdade e de responsabilidade.

Por unha banda, o canto en grupo ou colectivo é unha actividade social, é dicir, axuda a encamiñar e manter as relacións sociais. Consigue que se poda chegar a crear entre as persoas que participan nun coro ou combo vocal un lazo de intersección que aporta unha identidade común mais diferente á suma dos individuos. No canto en grupo créase, e a sensación de satisfacción que se pode chegar a dar é tal que fai unidade e consecuentemente fai sociedade. Por outra banda, na mediación preténdese chegar a un ou varios acordos, e podemos asentir que tamén se trata dunha actividade social, pois nela participan persoas que tratan de emendar unha cuestión dunha forma pacífica, o que fai que o acto sexa socialmente concibido e considerado.

Remarcouse a idea de que o canto propicia o pensamento lateral, que resulta fundamental na resolución de problemas. Baixo esta premisa, podemos afirmar que a formación en voz cantada de escolares facilita os procesos de mediación. Isto explicárase do seguinte xeito. A mediación xorde cando hai un problema, que entre as partes afectadas non se dá arranxado. Polo tanto, trátase de buscar unha solución a través dun/ha mediador/a que intentará visualizar o problema, facilitar o entendemento, propiciar a igualdade e favorecer a empatía. Entón, se na mediación tratamos de

arranxar un problema e o canto favorece o pensamento lateral, que é básico na resolución de problemas, claramente observamos unha relación entre canto e mediación. Se ademais no combo vocal ou coro se traballa a improvisación, traballamos sen dúbida algunha a resolución de problemas, pois escoller un ton e non outro, unha melodía que ascende ou descende, un silencio... facer un *crescendo* ou *diminuendo*... escoller unha opción ou outra na improvisación vocal estamos sen dúbida optando por un camiño (Casal, 2012b)... e na resolución de problemas tamén temos que optar por un camiño, así como na mediación escolar, unha vía que satisfaga ás partes na maior medida do posible.

Vimos igualmente que a voz axuda a desenvolver as posibilidades educativas e expresivas. Sabemos que na mediación as partes deben expresarse, e han de facelo de forma clara para chegar a un máximo entendemento de posturas. Se o canto axuda a expresarse, a mediación poderá levarse a cabo dunha forma máis fluída. Ao fin e ao cabo, canto e mediación son procesos de comunicación: o canto busca comunicar a través da voz con melodía, e a mediación busca a comunicación a través da voz falada.

Non podemos esquecer que, como se salientou anteriormente, o canto en grupo permite mostrar, mostrarse, escoitar e escoitarse. É importantísimo atender as indicacións do/a director/a do grupo, percibir as outras cordas e discriminalas (escoitar); así como diferenciar e ser capaces de percibir a nosa voz do resto das cordas e dentro da nosa propia corda (escoitarse). Isto lembra á “Teoría da escoita” que Quiñones (1997: 67-68) recolle no seu libro dunha forma moi clara e que desenvolve os seguintes puntos. O primeiro, “escoito”, recibo a información do/a/s interlocutor/a/es/as e identificoo/as. O segundo, “escóitome”, escoito como desenvolvo a miña información, escoito a miña propia voz no espazo e experimento as sensacións sonoras recoñecendo a miña propia voz. E o terceiro, “escoito como me escoitades”, onde a autora destaca a importancia de valorar o ruído ambiental antes de emitir a voz, para actuar de acordo con el. Neste último punto esta fonoterapeuta e profesora de canto recorda a importancia de escoitar o silencio.

Discusión e conclusións

Certos estudos recentes avalan que en España a mediación escolar está a desenvolverse positivamente (Viana-Orta, 2013). A participación nun proceso de

mediación implica unha serie de experiencias significativas de vida e de aprendizaxe relacionados co desenvolvemento de competencias persoais e sociais, esenciais para a formación de cidadáns/ás activos/as e responsables. Polo tanto, a mediación escolar resulta moi significativa para os/as nenos/as e mozos/as, pois durante os anos de escolarización están sometidos a un proceso de desenvolvemento persoal e social.

Como apuntan expertos/as do tema (por exemplo, Da Silva & Dos Santos, 2009) as actividades de musicoterapia serven como vínculo e sociabilidade, e é precisamente o que se tratou de explicar neste texto. En definitiva, través da formación en voz cantada e canto en grupo podemos mellorar: a comunicación, a escoita, a autoestima, a sociabilidade, a expresividade e forma de expresarnos, a resolución de problemas (estimulando con elo o pensamento lateral do cerebro) e remarcar o principio de igualdade entre os seres humanos; principios tamén elementais nos procesos de mediación escolar ben fundamentados, traballados, planificados e executados.

Referencias bibliográficas

- Camara Izaguirre, A. (2003). El canto colectivo en la escuela. *Revista de Psicodidáctica*, 15-16, pp. 105-110.
- Campbell, P.S. (1998). *Songs in their heads. Music and its meaning in children's lives*. New York: Oxford University Press.
- Casal de la Fuente, L. (2012a). *A voz cantada como facilitadora dos procesos de participación con colectivos vulnerables*. Trabajo de Fin de Mestrado presentado no Mestrado de Procesos de Formación en xullo de 2012. Santiago de Compostela: Facultade de Ciencias da Educación, Departamento de Didáctica e Organización Escolar.
- Casal de la Fuente, L. (2012b). El déficit en resolución de problemas en mujeres víctimas de violencia de género y su mejora a través del canto. *Congreso Internacional "Mediación y Violencia de Género"*, 29-31 octubre. Santiago de Compostela: Facultad de Derecho. En prensa.
- De Fonzo, M. (2012). *Canta che ti passa*. Roma: Sovera Edizioni.
- De Fonzo, M. (2010). *Cantoterapia. Il teorema del canto*. Roma: Armando Editore.
- Da Silva Carminatti, J. & Silva Krug, J. (2010). A práctica de canto coral e o desenvolvemento de habilidades sociais. *Pensamiento Psicológico*, 7(14), pp. 81-96.
- Da Silva de Souza, F. & Dos Santos, M. (2009). O corpo na música, a música no corpo: a comunidade em um processo de integração. *Extensio: Revista Eletrónica de Extensão*. Ano 6, nº 7, Julho de 2009, pp. 110-116. doi: 10.5007/1807-0221.2009v6n7p110.
- García-Raga, L., Martínez-Usarralde, M. J., & Sahuquillo, P. (2012). Hacia una cultura de convivencia. La mediación como herramienta socioeducativa. *Cultura y educación*, 24(2), pp. 207-217.

- Joyce, M. (1996). Turn off the radio and sing for your lives! Women, singing and experiential education. En K. Warren, *Women's Voices in Experiential Education* (pp. 253-266). Dubuque: Association for Experiential Education, Boulder, CO; Kendal/Hunt Publishing.
- Orff, C. (1954). *Orff-Schulwerk. Musik für Kinder*. London: Schott and Co.Ltd.
- Paynter, J. (1972). *Oír, aquí y ahora*. Buenos Aires: Ricordi Americana.
- Quiñones Etxeberria, C. (1997). *El cuidado de la voz. Ejercicios prácticos*. Madrid: Escuela Española.
- Redorta, J. (2007). *Entender el conflicto. La forma como herramienta*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- Schafer, R.M. (1992). *Cuando las palabras cantan*. Buenos Aires: Ricordi Americana.
- Suares, M. (2008). *Mediación. Conducción de disputas, comunicación y técnicas*. Buenos Aires: Paidós.
- Szonyi, E. (1976). *La educación musical en Hungría a través del método Kodály*. Budapest: Editorial Corvina.
- Turton, A. & Durrant, C. (1992). A study of adults' attitudes, perceptions and reflections on their singing experience in secondary school: some implications for music education. *British Journal of Music Education*, 19, pp. 31-48.
- Viana-Orta, M.I. (2013). Aims or purposes of school mediation in Spain. *New approaches in educational research*, 2(1), January 2013, pp. 32-38.